

III CONCURSO: “FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA 2021_2022”

O departamento de matemáticas convoca o **terceiro concurso de fotografía matemática**.

BASES:

Está aberto a **todo o alumnado, persoal docente e non docente** do IES Nº1.

Establécense dúas categorías

Categoría A: alumnado de ESO e BACHARELATO

Categoría B: persoal docente e non docente

O tema das fotografías ten que estar relacionado co **mundo das matemáticas**, nas súas múltiples manifestacións (figuras xeométricas, mosaicos, simetrías, estatística e azar, etc.)

As fotografías entregaranse en papel ao profesorado do departamento de Matemáticas. Incluirán un título, unha descrición ou comentario, e un seudónimo. Dentro dun sobre pechado os datos do autor/a (nome e apelidos, curso), **e na parte exterior aparecerá o título e seudónimo**.

De non poder entregala en papel, pode facerse por email á dirección de correo electrónico :
matesnumero1@gmail.com.

O prazo de presentación e **ata o 3 de xuño** de 2022, inclusive.

O xurado estará formado polo profesorado do Dpto. de Matemáticas, e valorarase a orixinalidade e idoneidade do título, o seu contido matemático e a explicación dada.

Establécense 3 premios para cada unha das categorías.

* Na categoría de alumnado do IES Nº1:

1º PREMIO: Un vale de 15 euros, para a cafetería do instituto ou para material escolar.

2º PREMIO: Un vale de 10 euros, para a cafetería do instituto ou para material escolar.

3º PREMIO: Un vale de 5 euros, para a cafetería do instituto ou para material escolar.

* Na categoría de persoal docente e non docente o premio será un obsequio conmemorativo.

Un mesmo participante non poderá enviar mais de 3 fotografías , nin acumular máis dun premio.

Os premios entregaranse o día 14 de xuño.

O Departamento de Matemáticas resérvase o dereito a utilizar as fotografías presentadas para usos didácticos.

As fotografías deben ser orixinais e en ningún caso se aceptarán fotos descargadas de Internet, nin escaneadas de ningún tipo de medio gráfico. O Departamento comprobará minuciosamente a autoría de todas as fotos esixindo o alumno/a que demostre a autoría da mesma de crelo oportuno. Non se acepta tampouco, ningún tipo de retoque fotográfico que cambie o contido da mesma.

Departamento de matemáticas.

Carballiño, 3 de maio de 2022